



COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

DATOS

Apellidos:

Nombre:

DNI / NIE:

Señale lo que corresponda:

Enseñanza LIBRE / OFICIAL

Grupo / Profesor:

INSTRUCCIONES PARA LA REALIZACIÓN DE LA ACTIVIDAD

- Duración: **60 minutos**.
- Apague sus **dispositivos móviles**.
- Escriba sólo con **bolígrafo azul o negro**.
- No olvide realizar **todas** las tareas.
- Escriba sus respuestas en **las hojas de respuestas**.
- Al finalizar, entregue **todas las hojas** utilizadas.

PUNTUACIÓN TOTAL: / 20



HOJA DE RESPUESTAS CTE

TAREA 1	A BORRAXEIRA 7 PUNTOS
---------	--------------	----------------

Escolla para cada espazo do texto a palabra correcta do banco de palabras, como no exemplo 0.
ATENCIÓN: Teña en conta que dispón de dúas palabras de máis que non precisa. 14 ÍTEMS x 0,5 PUNTOS

Banco de palabras	
amén	encoro
andar	nimbo
aparcadoiro	pe
aparcamento	pé
banzo	pecho
cadaquén	peto
chisco	saloucar
cu	secasí
deica	

Resultado		
0	<i>Nimbo</i>	√
1		
2		
3		
4		
5		
6		
7		
8		
9		
10		
11		
12		
13		
14		



TAREA 2. APRENDIZAXE EN TEMPO REAL PARA UN TRANSPORTE INTELIXENTE POLA CIDADE / 7 PUNTOS
--	-------------------------

Conteste, riscando cun X, se as seguintes aseveracións formuladas sobre o que se recolle no texto son verdadeiras (V) ou falsas (F), como no exemplo 0. **14 ÍTEMS x 0,5 PUNTOS**

		V	F	Non escriba. Espazo para a corrección
0	<i>Neste proxecto hai catro universidades implicadas.</i>	X		√
1	O subproxecto MaGIST-ELA medirá manualmente a cantidade de vehículos que pasan pola estrada e o seu efecto medioambiental.			
2	O subproxecto MaGIST-ELA, entre outras cousas, estará pendente da situación e estado das estradas e vías.			
3	Unha das preocupacións do ITS é o impacto ambiental que provoca o tráfico.			
4	Segundo o artigo, os datos e/ou denuncias dos cidadáns son tramitados na oficina física creada a propósito para estes problemas co tráfico.			
5	O modelo <i>ráster</i> mellorou con respecto ao <i>Date Lake</i> .			
6	Os depósitos de documentación de datos <i>ráster</i> e datos vectoriais recollen o mesmo, só que son arquivos de diferentes xeracións.			
7	Con este tipo de sistemas tecnolóxicos conseguíuse que o tempo de resposta para analizar os datos achegados sexa de xeito instantáneo.			
8	Canto ao eido monetario, estas implementacións da aprendizaxe automática teñen un custo moi elevado.			
9	O subproxecto MaGIST-ELA diverxe en dous ámbitos, o relacionado coa terra, pero tamén o vinculado coa auga.			
10	Dous doutorandos foron os que conseguiron rematar o procesado de datos xeoespaciais e as zonas navegables da contorna urbana.			
11	O grupo GeoTECH só se centran en que os usuarios do transporte urbano estean ben atendidos.			
12	O proxecto que dirixe a Universidade de Santiago pretende que os xestores públicos contribúan á toma de decisión.			
13	O tráfico é un dos principais causantes do deterioro ambiental.			
14	Segundo o catedrático Henrique Lorenzo, é moi importante ter en conta o estado das infraestruturas.			



TAREA 3.FRASEOLOXISMOS

..... / 6 PUNTOS

TAREFA. Relacione cada unha das frases feitas da columna A, que faltan no texto, con unha da columna B que posúa o mesmo significado, como no exemplo 0. **ATENCIÓN:** Teña en conta que na columna B hai un fraseoloxismo que non precisa. **6 ITEMS x 1 PUNTO**

Columna A	
0	<i>Pedro chosco</i>
1	un pincel
2	un buxo
3	un bulebule
4	un cangallo
5	un peto
6	un allo

Columna B	
A	<i>A gana de durmir</i>
B	un afogado
C	un bailanacriba
D	un farfallo
E	un pau viradoiro
F	un penedo
G	unha boa percha
H	unha denosiña

Resultado	
0	A
1	
2	
3	
4	
5	
6	



TEXTOS CTE

<p>TAREA 1. Escolla para cada espazo do texto a palabra correcta do banco de palabras, como no exemplo 0. ATENCIÓN: Teña en conta que dispón de dúas palabras de máis que non precisa.</p> <p>14 ITEMS x 0,5 PUNTOS</p>	<p>..... / 7 PUNTOS</p>
---	------------------------------------

A BORRAXEIRA

A borraaxeira esvaece as pólas núas dos plátanos e envolve os lampións nun **...(0)...nimbo.....** fantasmal. Para un poeta, metáforas da alma que vogan na bruma. Para un narrador de contos ao **...(1).....** do lume, os escenarios dunha tétrica historia de asasinados deformes que a noite martiriza. Para o inspector-xefe, unha tocadela de nabo. **...(2).....** a súa realidade.

Camión do **...(3).....** da Escola Oficial de Linguas, onde estacionou o coche ao vir de comer, cruza por diante da biblioteca municipal. Tres mozas duns dezaseis anos, con saia minguada e calzas escuras, saen das instalacións. Chiscan uns cigarros e sentan nas escaleiras de granito sen importarlles os catro graos que os termómetros pregoan. O Paiana olla o **...(4).....** no que sentaron e que a brétema humectou, e dise que aos dezaseis anos un **...(5).....** dun adolescente pode derreter unha pedra e aos trinta xearche a alma. Deixa o coche no estacionamento da Renfe e baixa andando a avenida do Ferrocarril **...(6).....** o domicilio da parella.

Tira o papel do **...(7).....** para asegurarse de andar e porta: segundo segunda.

Achega o dedo ao botón do porteiro electrónico. Afástao e cavila un intre. Despois, preme o do terceiro segunda.

Un **...(8).....** de sorpresa nunca vén mal e evitará pórse a dar explicación no medio da rúa.

Responde a voz dun home:

—Desculpe, vou á casa da Carmela, a rapaza do segundo segunda, e coído que o interfono non lles funciona.

Poderíame abrir?

—Faltaría máis.

Soa o zunido de apertura e o inspector-xefe dálle as grazas.

Normalmente sobe as escaleiras andando, pero despois das horas que botou de pé no **...(9).....** prefire o ascensor. A morte ten paciencia e vaiche sorbendo a enerxía cunha palla.

Aperta o timbre tres veces moi curtas e seguidas. Como sinais de morse.

Só hai dúas vivendas no **...(10).....**. O silencio é case absoluto.

Ao cabo duns instantes sente o ruído muchado dun televisor, sinal de que alguén abriu unha porta interna. Oe uns pasos frouxos que devecen segundo se acaroan á mira.

Fai soar o timbre brevemente e sen pausa peta con suavidade ao tempo que di:

—Policía; pode abrir, por favor?

Os pasos vanse con présas e volven nun **...(11).....**. Agora son dúas persoas as que veñen.

Esvara un **...(12).....** e a porta ábrese trinta centímetros. No oco hai un home de cabelo rizado. Diante do peito del, a cabeza dunha muller, medio escondida tras da folla. Un acto instintivo, pensa o inspector-xefe.

Amósalles a chapa e o carné profesional.

—Son o inspector-xefe Paina. Q...

—Pasoulle algo ao noso fillo? —interrompe a muller con angustia tras abrir a porta por completo.

Non era un acto instintivo, senón coquetería. Vai en bata, de aí que se abroquelase tras da porta.

—Non, non ten nada que ver co seu fillo... Permítenme que pase?



—Claro, claro.

—Entra e pechan a porta.

—Veña para o comedor.

—Non, falaremos aquí mesmo. Só quería entrar porque aí fóra pódenos sentir calquera.

O inspector-xefe sabe que en canto el se vaia saírán correndo para laretárllelo aos veciños. ...**(13)**....., hai que gardar as formas.

—Quero falar con vostedes sobre unha cea que segundo os nosos informes se celebrou nesta casa o sábado día un de decembro.

—Unha cea? —di o home como se tentase lembrar.

—Con Filipe Mauriz e a súa dona.

—Ai, a ViKi e o seu home, si! Por que? Souberon algo dela? —pregunta a muller.

O Paiana obsérvaos mentres responde a media voz:

—Este mediodía atopamos un cadáver que posibelmente sexa o seu.

A muller executa a acción en tres tempos: abre os ollos apesarada, cobre a boca cos dedos estirados verticalmente e ponse a ...**(14)**.....

O home dubida, indeciso, dubida entre collela polos ombros para consolala ou atender o funcionario.

Fonte: texto tirado do libro *Soamente unha vez*, de José Mondelo (Xerais, 2021)

TAREA 2. Conteste, riscando cun X, se as aseveracións formuladas sobre o que se recolle no texto son verdadeiras (V) ou falsas (F), como no exemplo 0. 14 ITEMS x 0,5 PUNTOS

...../
7 PUNTOS

APRENDIZAXE EN TEMPO REAL PARA UN TRANSPORTE INTELIXENTE POLA CIDADE

Un consorcio das tres universidades galegas e a Carlos III de Madrid estuda como predicir os fluxos de tráfico e anticiparse á degradación de infraestruturas.

No marco deste consorcio, sitúase o subproxecto MaGIST-ELA: Xeoprocesamento a grande escala para análise exploratoria e baseada na aprendizaxe, cuxos investigadores principais son os profesores da USC José Manuel Cotos Yáñez e José Ramón Ríos Viqueira. O obxectivo principal de MaGIST-ELA é o desenvolvemento de técnicas eficientes de procesamento de consultas sobre *Data Lakes* heteroxéneas moi grandes —repositorios de almacenamento centralizado que conteñen *Big Data* de varias fontes nun formato granular e sen procesar— e a súa aplicación para a resolución da análise xeoespacial. MaGIST-ELA utilizará a aprendizaxe automática para a monitorización e predición de fluxos de tráfico, e para a monitorización e predición da calidade do aire. A aprendizaxe automática utilizarase tamén para estimar a degradación do pavimento a partir de datos obtidos de dispositivos móbiles. A continuación, deseñaranse técnicas de almacenamento e procesamento aproximado para dar soporte á análise exploratoria de fontes xeoespaciais. Finalmente, implementará a aprendizaxe automática sobre datos vectoriais e *raster* mediante o procesamento de conxuntos de consultas.

“Os problemas relacionados co tráfico rodado son unha das maiores preocupacións nas cidades, e por tanto retos chave dos Sistemas Intelixentes de Transporte (ITS) urbano modernos. Inclúen a análise do fluxo de tráfico rodado e o seu impacto ambiental e a análise da degradación das infraestruturas”, explican os investigadores. Neste senso, os avances nas tecnoloxías de sensorización e a implicación dos cidadáns a través de aplicacións móbiles de *crowdsensig* están a desembocar na produción de cantidades de datos con cocientes de xeración sen



precedentes. “Identificouse un cambio de paradigma dos tradicionais ITS dirixidos pola tecnoloxía aos modernos dirixidos por datos, que aplican algoritmos de aprendizaxe sobre grandes volumes de datos de sensores”, din.

O *Big Data* gañou grande interese aquí, implicando importantes retos en todas as capas de software. “Moitos destes datos teñen natureza xeoespacial. Tradicionalmente, os datos vectoriais e *ráster* almacénanse e xestiónanse con tecnoloxías distintas”, explican. Nesta liña, o chamado *Date Lake* xurdiu como unha nova arquitectura de almacenamento de datos, pero a súas extensións espaciais deseñáronse tendo en mente só os datos vectoriais. Mentres no modelo vectorial as liñas e puntos son os elementos principais do sistema, no modelo *ráster*, é a cela. A principal diferenza con respecto a un arquivo vectorial é que o arquivo *ráster* almacena píxel mentres no vectorial almacena coordenadas dos vértices de cada elemento xeométrico.

“A pesar dos avances en tecnoloxías de procesamento a grande escala, incluso se nos centramos en datos vectoriais, os tempos de resposta necesarios para a análise exploratoria interactiva de grandes conxuntos de datos son aínda inalcanzables e as implementacións paralelas da aprendizaxe automática teñen favorecido o seu escalamento, pero cun custo e impacto ambiental frecuentemente moi altos”, din os investigadores.

Procesamento de datos xeoespaciais

O catedrático da Escola de Enxeñaría Forestal da UVIGO, Henrique Lorenzo, lidera, co grupo GeoTECH, o subproxecto *MaGIST-ERIUM: Intelixencia xeoespacial como soporte á toma de decisións en mobilidade urbana*. Este céntrase, por unha banda, no desenvolvemento dun sistema de procesado de datos xeoespaciais e “técnicas de aprendizaxe automática” que permitan “obter medidas da degradación de activos” de infraestruturas relevantes para o transporte, como pavimento ou sinalizacións. Por outra banda, nunha segunda liña de traballo, o grupo que integran investigadores das Escolas de Enxeñaría Industrial e Forestal deseñará unha metodoloxía para a caracterización topográfica das “zonas navegables” da contorna urbana, o que permitiría a este sistema de transporte intelixente definir “redes de navegación adaptadas a cada modo de mobilidade”. Estes dous obxectivos atópanse así mesmo vinculados ao inicio de dúas teses de doutoramento por investigadores do grupo.

En liñas xerais, sinalan desde o grupo GeoTECH, un sistema intelixente de transporte urbano que persegue a “xestión integral do tráfico nunha cidade, optimizando as capacidades existentes e os niveis de servizo”. Coordinado polo Laboratorio de Bases de Datos da UDC, no proxecto coordinado *MaGIST*, que se estende ata 2023, participan tamén os grupos de investigación en Gráficos por Computador e Enxeñaría de Datos da USC e de Aplicacións e Servizos Telemáticos da Universidad Carlos III. O seu obxectivo é deseñar un sistema de transporte “eficiente e sostible”, actuando a varios niveis e agrupando os resultados dos diferentes subproxectos nunha aplicación móbil e nun “panel de control”, que contribúa á toma de decisións por parte dos xestores públicos, a través da incorporación de datos de tempo real e da “exploración analítica” dos rexistros de eventos previos, de tal xeito que permita analizar tanto datos “que reflicten cambios lentos” na cidade, “como fluxos de información altamente cambiantes”.

Neste senso, proxéctase unha actuación a varios niveis, que abrangue a monitorización e predición do tráfico e do seu impacto ambiental, tendo en conta que constitúe un dos principais causantes de emisións de óxidos de nitróxeno nas áreas urbanas, así como a definición de “rutas multimodais” que combinen o transporte público “con outros modos de desprazamento” e que se optimizarían seguindo as predicións do tráfico e da calidade do aire. Un terceiro eixo céntrase na monitorización da degradación das infraestruturas, que é un dos obxectivos do subproxecto que coordina Lorenzo. **Artigo tirado de *GCiencia*, publicado pola redacción o 2 de xullo de 2021**



<p>TAREA 3. Relacione cada unha das frases feitas da columna A, que faltan no texto, con unha da columna B que posúa o mesmo significado, como no exemplo 0. ATENCIÓN: Teña en conta que na columna B hai un fraseoloxismo que non precisa. 6 ITEMS x 1 PUNTO</p>	<p>..... / 6 PUNTOS</p>
--	------------------------------------

FRASEOLOXISMOS

0	<p>E como decote se deitaba cedo, veulle (0) Pedro Chosco e quedouse durmido no seu recuncho, ó pé do lume. Nesa foi cando se botou a soñar. Soñou que os Reis lle trouxeran un cabaliño pequeno. Un cabaliño feito de pau de buxo, que abundaba con poñerlle unha man no rabo para que saíse voando coma unha anduriña. (Xosé Neira Vilas, O cabaliño de buxo)</p>
1	<p>Chegou tarde á casa do amo, que xa o agardaba diante da cancela feito (1) un pincel, cunhas roupaxes distintas ás do día anterior pero non menos luxosas e escintilantes. (Marcos Sánchez Calveiro, Sari, soñador de mares)</p>
2	<p>Coñecía ao Cholas e sabía que, aínda que era baixo e lixeiro, era duro coma (2) un buxo. Todos lembraran que aló en Abeledo, cando andaba a serrar, caéranlle tres toradas dun castiñeiro derriba e non o abaixaran. [Carlos Reigosa, Homes de tras da Corda (adaptado)]</p>
3	<p>Ela non se me dá acougado, é (3) un bulebule, xoga ao matarile, séntase, érguese, agáchase e vólvese agachar, con suspiros curtos, longos, posturas diferentes no sofá. Xohana Torres, <i>Adiós, María</i> (adaptado)</p>
4	<p>Paula falaba polo nariz, estreito e picudo, botando faíscas marelas polos seus ollos inquisidores. O seu físico, pensaba María, coincidía co seu temperamento. Era (4) un cangallo, desgairada, osuda. As chaquetas parecían unha talla meirande da que lle correspondía. (M.ª Xosé Queizán, Ten o seu punto a fresca rosa)</p>
5	<p>E todo ese tempo, xa no cuarto, xa na cantina, xa sentado nun escano diante da porta á raxeira, calei coma (5) un peto, lembrei desoladamente á miña mai e as mans coma pegas de Helena Rouco, e os seus ollos que por uns intres me miraran, nada novo coñecín sobre o segredo de Lázaro Rivadulla, a penas vin a Xudas nun par de ocasións, e unha noite souben que íamos cometer outro roubo e que a miña participación era imprescindible. (Xosé Miranda, Morning Star)</p>
6	<p>E como a fame aguza os sentidos, o Xoquiñas era listo coma (6) un allo e entendía axiña todo o que pasaba ao seu redor. [Xosé Ramón Fernández-Oxea. Andrómenas. Contos pra o pobo (adaptado)]</p>



COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORALES

PRUEBA DE CERTIFICACIÓN

DATOS

Apellidos:

Nombre:

DNI / NIE:

Señale lo que corresponda:

Enseñanza LIBRE / OFICIAL

Grupo / Profesor:

INSTRUCCIONES PARA LA REALIZACIÓN DE LA ACTIVIDAD

- Duración: **45 minutos**
- Apague sus **dispositivos móviles**.
- Escriba con **bolígrafo azul o negro**.
- Cada tarea se escuchará **dos veces**.
- Para cada una, el procedimiento será el siguiente:
 - **dos minutos** para leer el enunciado y la tarea
 - **primera escucha** del documento
 - **un minuto** para responder
 - **segunda escucha** del documento
 - **un minuto** para revisar las respuestas y anotarlas en la **hoja de respuestas** (reverso de esta página)
- Al finalizar, entregue **todas las hojas** utilizadas.

PUNTUACIÓN TOTAL: / 20



HOJA DE RESPUESTAS CTO

TAREA 1	Tecnoloxía 5G / 5,6 PUNTOS
<p>Indique, poñendo A, B ou C, cal das tres opcións dadas é a correcta, segundo o que se escoita no documento sonoro, como no exemplo 0. Só unha é a válida.</p> <p>(0,8 puntos cada ítem. Total: 5,6 puntos) Fonte: https://youtu.be/zVuo-M-THWU</p>		

		A / B / C	CORR.	
0	De que vai falar o especialista?			P u n t o s
	A. Da melloría do medio ambiente.			
	B. Da tecnoloxía 5G.	B	✓	
	C. Dos perigos do 4D.			
1	Que vantaxes ten a tecnoloxía 5G?			
	A. Consegue conectar varios aparellos ao mesmo tempo.			
	B. Permite o desenvolvemento analóxico.			
2	Como se consegue o aumento de velocidade do 5G?			
	A. A través de ondas caloríficas.			
	B. A través de satélites.			
3	Que é a contaminación electromagnética?			
	A. A exposición a torres de alta tensión e a antenas móbiles.			
	B. A exposición mínima a radiacións do espectro electromagnético xeradas por equipos electrónicos.			
4	A que grupos de opinión serve de base o informe Bioinitiative?			
	A. Aos que afirman que os campos electromagnéticos prexudican a saúde.			
	B. Aos que din que os campos electromagnéticos impactan na economía local.			
5	Como se posiciona a Organización Mundial da Saúde neste tema?			
	A. Asegura que o quecemento dos tecidos é o principal mecanismo de interacción entre os campos magnéticos e o corpo humano.			
	B. Di que hai relación entre o uso desta tecnoloxía con certas doenzas graves no ser humano.			
6	Con que equipara a OMS o uso dos móbiles en canto ao risco de sufrir cancro?			
	A. A traballar de bombeiro, carpinteiro ou impresor.			
	B. A traballar de bombeiro, carpinteiro ou tendeiro.			
7	Canta enerxía consomen os dispositivos 5G?			
	A. A mesma enerxía uns ca os outros, pero os 4G son máis eficientes.			
	B. Máis enerxía ca os 4G.			
	C. Menos enerxía ca os 4G.			



TAREA 2	A compañía, o demo e os velorios / 6,4 PUNTOS
----------------	---	---------------------------

Indique, se as seguintes aseveracións son verdadeiras (V) ou falsas (F), segundo o que escoita no documento sonoro, como no exemplo 0. (0,8 puntos cada ítem. Total: 6,4 puntos) Fonte: <http://culturagalega.gal/pruebas/anosafala/etnotexto.php?>

	ASEVERACIÓN	V / F	CORR.
0	O informante di que era un parente da súa familia o que contou o suceso do que vai pasar.	V	✓
1	O tío do informante axudou a levar un saco á feira.		
2	O que oía no souto pensou que eran ruxidos das aves nocturnas.		
3	O informante está totalmente de acordo coas crenzas populares, como a da Santa Compañía.		
4	O informante fala dun velorio moi común na época no que, ademais, de estar acompañando a familia, contaban contos.		
5	O informante compara parte da situación do defunto co rabo dunha vaca.		
6	Mentres un dos asistentes ao velorio contaba un conto, o morto revirouse, ergueuse e apagou os candelabros que tiña ao seu redor.		
7	Todos os que estaban na casa do morto querían marchar.		
8	A xente daquela época era moi farturenta.		



TAREA 3	O tradutor cleptómano / 8 PUNTOS
----------------	------------------------------	-------------------------

Risque cun X a resposta que corresponda á pregunta formulada, como no exemplo 0.
Teña en conta que pode haber audios que conteñan a resposta a máis dunha pregunta e que hai dúas preguntas que non se corresponden con ningún audio.

Fonte: *O tradutor cleptómano*. Dezső Kosztolányi (0,8 puntos cada ítem. Total: 8 puntos)

	PREGUNTAS	AUDIOS				CORR.
		1	2	3	Ningún	
	En que documento sonoro escoitamos que ...	1	2	3	Ningún	
0	<i>se fala de amigos que se dedicaban á literatura?</i>	X				✓
1	a traxectoria dun home depende das palabras?					
2	alguén viu hai un tempo un vello amigo chamado Gallus?					
3	en moitas ocasións, o ladrón foi sorprendido coas mans na masa?					
4	Gallus dominaba varias linguas, sobre todo o inglés?					
5	Gallus prefería roubar obxectos exclusivos?					
6	Gallus volvía a caer no vicio de roubar unha e outra vez?					
7	nunha ocasión, o protagonista pediulle que lle axudase a buscar traballo a un dos amigos?					
8	o cleptómano estivo no cárcere durante catro anos por agochar unha carteira?					
9	o grupo de amigos sorría ao se lembraren dalgún antigo amigo?					
10	o protagonista da historia facía o propósito de deixar de roubar?					
11	o vello amigo do que se fala tiña por hábito roubar incluso aquilo que non precisaba?					
12	os amigos de Gaus afirmaban que este sufría cleptomanía?					



MEDIACIÓN ESCRITA

DATOS

Apellidos:

Nombre:

DNI / NIE:

Señale lo que corresponda:

Enseñanza LIBRE / OFICIAL

Grupo / Profesor:

INSTRUCCIONES PARA LA REALIZACIÓN DE LA ACTIVIDAD

- Duración: **30 minutos**.
- Apague su **dispositivo móvil**.
- Escriba con **bolígrafo azul o negro**.
- Recuerde: **si no cumple la tarea**, la calificación será 0.
- Escriba su texto en **la hoja que se le facilita**.
- Al finalizar, entregue **todas las hojas** utilizadas.

PUNTUACIÓN MEDIACIÓN ESCRITA: / 10

PUNTUACIÓN MEDIACIÓN ORAL: / 10
--

PUNTUACIÓN TOTAL MEDIACIÓN: / 20

PRUEBA DE CERTIFICACIÓN



CONTEXTO: Vostede, que reside na Alemaña, ten unha irmá galega que acaba de ter un bebé e quere que o coñeza, pero ela non sabe nada sobre como voar en avión cun meniño. Como vostede xa o fixo varias veces pídelle que lle axude a entender a seguinte información que se achega.

TAREFA: Explíquelle nun correo electrónico, baseándose no que se recolle no texto, o que debe facer.

OBSERVACIÓNS: Debe evitar repetir literalmente as palabras do texto fonte e tamén engadir ideas propias ou información que non estean incluídas no texto, salvo para facilitar a correcta transmisión da información.

EXTENSIÓN DO TEXTO A REALIZAR: Entre 80 e 100 PALABRAS

TEMPO PARA A ELABORACIÓN DO SEU TEXTO: 30 MINUTOS

- O pasaxeiro que viaxe cun bebé (menor de 2 anos) poderá levar unha peza de equipaxe de man consigo na cabina (máx. 10 kg e 55x40x20 cm) e unha bolsa adicional de ata 5 kg para as cousas do bebé.
- Poderá facturar, sen custo adicional, un total de dúas pezas extra: carriño, cuco, maxicosi ou berce. A cadeira para o coche poderá ser facturada só como equipaxe especial, con custe adicional.
- Se quere levar o carriño do bebé como equipaxe de cabina, a maleta de man terá que ser facturada no mostrador de facturación e contará como unha das pezas mencionadas no punto anterior.
- Dentro da súa equipaxe de man poderá levar a comida que o cativo precise para a viaxe, incluíndo auga, papas ou purés, que poden levarse en envases de máis de 100 ml. Ademais, non cómpre que os recipientes vaian precintados.
- Procura que a comida que leves para os nenos **non teña que ser quentada dentro do avión**, xa que ao mellor non queda coa temperatura desexada. Podes traela previamente quentada desde a casa dentro dun termo.

Fonte: adaptado de <https://www.vueling.com/gl/servizos-vueling/prepara-a-tua-viaxe/viaxar-con-nenos>

..... /
10
puntos



MEDIACIÓN ESCRITA

NOMBRE Y PELLIDOS:

Empty space for writing the name and surnames, bounded by vertical lines.



PRODUCCIÓN Y COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

PRUEBA DE CERTIFICACIÓN

DATOS

Apellidos:

Nombre:

DNI / NIE:

Señale lo que corresponda:

Enseñanza LIBRE / OFICIAL

Grupo / Profesor:

INSTRUCCIONES PARA LA REALIZACIÓN DE LA ACTIVIDAD

- Duración: **75 minutos**.
- Apague sus **dispositivos móviles**.
- Escriba sólo con **bolígrafo azul o negro**.
- No olvide realizar **las dos tareas**.
- Recuerde: **si no cumple la tarea**, la calificación será 0.
- Escriba sus textos en **las hojas que se le facilitan**.
- Al finalizar, entregue **todas las hojas** utilizadas.

PUNTUACIÓN TOTAL: / 20



TAREA 1	ARTIGO SOBRE AS NOVAS MODALIDADES DE TRABALLO QUE TROUXO CANDA SI A COVID EXTENSIÓN: 175 PALABRAS APROX. / 10 PUNTOS
---------	---	------------------------------

CONTEXTO. Na súa contorna acaban de sacar do prelo unha revista que quere dar acollida ás opinións dos cidadáns sobre diferentes temas. Para o vindeiro número que van publicar centráronse en como a pandemia do Covid, na que estamos mergullados, trouxo canda si a aparición de novas modalidades de traballo.

Vostede está interesado neste tema e decide escribir un artigo para que llo publiquen.

TAREFA. Escriba un artigo para a devandita revista. Debe tratar, polo menos, os seguintes puntos:

- **Expresar a súa visión sobre este tema na actualidade.**
- **Comparar os novos xeitos de traballar (quizais máis individuais e sedentarios e con novas modalidades,...) cos de antano (a oficina, os compañeiros,...). Vantaxes e desvantaxes que atopa en cada caso.**
- **Manifestarse a favor ou en contra destas novas modalidades argumentado a súa postura.**





TAREA 2	CARTA DE PROTESTA POR MOR DUNHA FUTURA INSTALACIÓN DUNHA FÁBRICA DE PLÁSTICOS NA SÚA CONTORNA. EXTENSIÓN: 175 PALABRAS APROX. / 10 PUNTOS
----------------	--	------------------------------

CONTEXTO. Na vila na que vive, moi preto da súa casa, existe un predio pertencente ao concello que está sen urbanizar. A través dun xornal local acaba de enterarse que o concello ten a intención de venderllo a unha fábrica de plásticos.

TAREFA. Escriba unha carta de protesta dirixida ao alcalde na que:

- Se identifique vostede e describa a zona afectada.
- Expoña os feitos e o impacto que suporía para a contorna de se levar a cabo o proxecto en cuestión.
- Propoña outros fins sociais e/ou alternativas para eses terreos.





**Junta de
Castilla y León**

Consejería de Educación

ESCUELAS OFICIALES DE IDIOMAS DE CASTILLA Y LEÓN

GALLEGO- NIVEL AVANZADO C1 - ORDINARIA 2022

PRODUCCIÓN Y COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

NOMBRE Y APELLIDOS:

Empty writing area for the student's response, bounded by vertical lines on the left and right.



CLAVES DE RESPUESTA

COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

TAREA 1	A BORRAXEIRA 7 PUNTOS
---------	--------------	----------------

Banco de palabras	
amén	encoro
andar	nimbo
aparcadoiro	pe
aparcamento	pé
banzo	pecho
cadaquén	peto
chisco	saloucar
cu	secasí
deica	

Resultado		
0	Nimbo	√
1	pé	
2	cadaquén	
3	aparcadoiro	
4	banzo	
5	cu	
6	deica	
7	peto	
8	chisco	
9	encoro	
10	andar	
11	amén	
12	pecho	
13	secasí	
14	saloucar	



**TAREA 2. APRENDIZAXE EN TEMPO REAL PARA UN TRANSPORTE INTELIXENTE
POLA CIDADE**

..... / 7 PUNTOS

		V	F	Non escriba. Espazo para a corrección
0	<i>Neste proxecto hai catro universidades implicadas.</i>	X		√
1	O subproxecto MaGIST-ELA medirá manualmente a cantidade de vehículos que pasan pola estrada e o seu efecto medioambiental.		X	
2	O subproxecto MaGIST-ELA, entre outras cousas, estará pendente da situación e estado das estradas e vías.	X		
3	Unha das preocupacións do ITS é o impacto ambiental que provoca o tráfico.	X		
4	Segundo o artigo, os datos e/ou denuncias dos cidadáns son tramitados na oficina física creada a propósito para estes problemas co tráfico.		X	
5	O modelo <i>ráster</i> mellorou con respecto ao <i>Date Lake</i> .	X		
6	Os depósitos de documentación de datos <i>ráster</i> e datos vectoriais recollen o mesmo, só que son arquivos de diferentes xeracións.		X	
7	Con este tipo de sistemas tecnolóxicos conseguíuse que o tempo de resposta para analizar os datos achegados sexa de xeito instantáneo.		X	
8	Canto ao eido monetario, estas implementacións da aprendizaxe automática teñen un custo moi elevado.	X		
9	O subproxecto MaGIST-ELA diverxe en dous ámbitos, o relacionado coa terra, pero tamén o vinculado coa auga.	X		
10	Dous doutorandos foron os que conseguiron rematar o procesado de datos xeoespaciais e as zonas navegables da contorna urbana.		X	
11	O grupo GeoTECH só se centran en que os usuarios do transporte urbano estean ben atendidos.		X	
12	O proxecto que dirixe a Universidade de Santiago pretende que os xestores públicos contribúan á toma de decisión.	X		
13	O tráfico é un dos principais causantes do deterioro ambiental.	X		
14	Segundo o catedrático Henrique Lorenzo, é moi importante ter en conta o estado das infraestruturas.	X		



TAREA 3.

FRASEOLOXISMOS

..... / 6 PUNTOS

Columna A	
0	<i>Pedro chosco</i>
1	un pincel
2	un buxo
3	un bulebule
4	un cangallo
5	un peto
6	un allo

Columna B	
A	<i>A gana de durmir</i>
B	un afogado
C	un bailanacriba
D	un farfallo
E	un pau viradoiro
F	un penedo
G	unha boa percha
H	unha denosiña

Resultado	
0	A
1	G
2	F
3	C
4	D
5	B
6	H



CLAVES DE RESPUESTA

COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORALES

TAREA 1		Tecnoloxía 5G / 5,6 PUNTOS	
			A / B / C	CORR.
0	De que vai falar o especialista?			
	A. Da melloría do medio ambiente.			
	B. Da tecnoloxía 5G.		B	✓
	C. Dos perigos do 4D.			
1	Que vantaxes ten a tecnoloxía 5G?			
	A. Consegue conectar varios aparellos ao mesmo tempo.		A	
	B. Permite o desenvolvemento analóxico.			
	C. Substitúe a conexión 4B.			
2	Como se consegue o aumento de velocidade do 5G?			
	A. A través de ondas caloríficas.		C	
	B. A través de satélites.			
	C. Mediante o uso de ondas de radio.			
3	Que é a contaminación electromagnética?			
	A. A exposición a torres de alta tensión e a antenas móbiles.		C	
	B. A exposición mínima a radiacións do espectro electromagnético xeradas por equipos electrónicos.			
	C. A exposición puntual a radiacións do espectro electromagnético.			
4	A que grupos de opinión serve de base o informe Bioinitiative?			
	A. Aos que afirman que os campos electromagnéticos prexudican a saúde.		A	
	B. Aos que din que os campos electromagnéticos impactan na economía local.			
	C. Aos que pensan que os campos electromagnéticos benefician a saúde.			
5	Como se posiciona a Organización Mundial da Saúde neste tema?			
	A. Asegura que o quecemento dos tecidos é o principal mecanismo de interacción entre os campos magnéticos e o corpo humano.		A	
	B. Di que hai relación entre o uso desta tecnoloxía con certas doenzas graves no ser humano.			
	C. Sostén que a morte prematura pode derivarse destas tecnoloxías.			
6	Con que equipara a OMS o uso dos móbiles en canto ao risco de sufrir cancro?			
	A. A traballar de bombeiro, carpinteiro ou impresor.		A	
	B. A traballar de bombeiro, carpinteiro ou tendeiro.			
	C. A traballar de carteiro, carpinteiro ou impresor.			
7	Canta enerxía consomen os dispositivos 5G?			
	A. A mesma enerxía uns ca os outros, pero os 4G son máis eficientes.		B	
	B. Máis enerxía ca os 4G.			
	C. Menos enerxía ca os 4G.			

P
u
n
t
o
s



TAREA 2	A compañía, o demo e os velorios / 6,4 PUNTOS
----------------	---	---------------------------

	ASEVERACIÓNS	V / F	CORR.
0	O informante di que era un parente da súa familia o que contou o suceso do que vai pasar.	V	✓
1	O tío do informante axudou a levar un saco á feira.	F	
2	O que oía no soto pensou que eran ruxidos das aves nocturnas.	F	
3	O informante está totalmente de acordo coas crenzas populares, como a da Santa Compañía.	F	
4	O informante fala dun velorio moi común na época no que, ademais de estar acompañando a familia, contaban contos.	V	
5	O informante compara parte da situación do defunto co rabo dunha vaca.	F	
6	Mentres un dos asistentes ao velorio contaba un conto, o morto revirouse, ergueuse e apagou os candelabros que tiña ao seu redor.	F	
7	Todos os que estaban na casa do morto querían marchar.	V	
8	A xente daquela época era moi farturenta.	F	



TAREA 3	O tradutor cleptómano / 8 PUNTOS
----------------	------------------------------	-------------------------

	PREGUNTAS	AUDIOS				CORR.
		1	2	3	Ningún	
	En que documento sonoro escoitamos que ...	1	2	3	Ningún	
0	<i>se fala de amigos que se dedicaban á literatura?</i>	X				✓
1	a traxectoria dun home depende das palabras?			X		
2	alguén viu hai un tempo un vello amigo chamado Gallus?		X			
3	en moitas ocasións, o ladrón foi sorprendido coas mans na masa?			X		
4	Gallus dominaba varias linguas, sobre todo o inglés?		X			
5	Gallus prefería roubar obxectos exclusivos?				X	
6	Gallus volvía a caer no vicio de roubar unha e outra vez?		X			
7	nunha ocasión, o protagonista pediulle que lle axudase a buscar traballo a un dos amigos?			X		
8	o cleptómano estivo no cárcere durante catro anos por agochar unha carteira?				X	
9	o grupo de amigos sorría ao se lembraren dalgún antigo amigo?	X				
10	o protagonista da historia facía o propósito de deixar de roubar?		X			
11	o vello amigo do que se fala tiña por hábito roubar incluso aquilo que non precisaba?		X			
12	os amigos de Gaus afirmaban que este sufría cleptomanía?			X		



**PAUTAS DE CORRECCIÓN
MEDIACIÓN ESCRITA**

EL CANDIDATO DEBE:

- Explicar y reformular los conceptos principales del texto como: **“explicar”, “compartir”, “proponer posibles soluciones”, “ejemplificar”**.
- **Utilizar otros ejemplos** para explicar el concepto **o bien casos que conozca que hayan realizado el viaje que se plantea y/o la del él mismo**.
- **Adecuar el vocabulario** y las estructuras al nivel del destinatario (en este caso, **es un pariente suyo**) **por lo que se supone que tiene conocimientos estándares de la lengua gallega**.

EL CANDIDATO NO DEBE:

- **Repetir literalmente las palabras del texto fuente**.
- **Añadir ideas propias ni información que no esté incluida en el texto fuente, salvo para facilitar la correcta transmisión de la información**.



PAUTAS DE CORRECCIÓN

PRODUCCIÓN Y COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

TAREA 1

- Utilizar el formato y el tratamiento adecuado (es un **artículo de opinión**): título, alusión a los posibles lectores y adaptación al registro que corresponda.
- Dar información sobre un aspecto concreto (**las modalidades de trabajo antes y después de la situación pandémica provocada por la COVID**) y adaptarlo al contexto.
- Exponer la situación en la sociedad actual bajo su punto de vista, con sus pros y contras, si procede.
- Explicar las causas, finalidades y consecuencias.
- Expresar objeción y reticencias.
- Expresar grados de certeza, duda e incredulidad.
- Expresar, justificar, defender y contrastar hechos y opiniones.
- Hacer suposiciones y plantear hipótesis.
- Expresar y preguntar por grados de certeza, evidencia, duda e incredulidad
- Formular condiciones con mayor, menor grado o imposible realización en el pasado, presente y futuro.

TAREA 2

FUNCIONES

- Saludar, despedirse, dirigirse a alguien y llamar la atención del interlocutor con el tratamiento adecuado, de acuerdo con el grado de conocimiento y del tipo de relación y en diferentes registros y canales. (**carta de protesta al alcalde de su entidad de población**)
- Aconsejar con su punto de vista. (**ofrecer posibles variantes y soluciones al proyecto que se le presenta**).
- Explicar las causas, finalidades y consecuencias.
- Expresar objeción y reticencias, grados de certeza, duda e incredulidad.
- Exponer algún caso similar conocido por el candidato.
- Justificar, defender y contrastar hechos y opiniones.
- Hacer suposiciones y plantear hipótesis.
- Preguntar y expresar posibilidad y probabilidad.
- Despedirse formalmente.



PRUEBA DE CERTIFICACIÓN – BLOQUE B

MEDIACIÓN DE TEXTOS ORALES

CONTEXTO: Vostede acaba de ler un artigo nunha revista e parécelle moi interesante.

TAREFA: Resuma o seguinte artigo para explicarllo a un amigo seu.

A investigación do cancro ten nome de muller

A investigación é vital para o desenvolvemento humano e da sociedade. Sen o traballo de miles de científicos, a esperanza para as persoas con tumor de mama non sería a que é hoxe en día: o 85 % dos casos teñen curación. Moitos destes investigadores, en cancro de mama ou outros tipos de cancro, son mulleres, en concreto un 60 %, pero apenas teñen o seu recoñecemento.

Neste presente e futuro das investigacións sobre cancro as mulleres teñen moito que dicir. E é que só dous de cada dez postos de alta responsabilidade na investigación en cancro están liderados por mulleres, a pesar de que o 60 % dos científicos que traballan neste campo son mulleres. Máis do 50 % de colexiados médicos son mulleres, pero menos do 8 % chega a postos de liderado, xerencias e decanatos.

Un dos inconvenientes aos que se enfrontan estas mulleres é o financiamento e mesmo os premios e recoñecementos; son xeralmente de menor contía se se comparan cos que reciben os homes.

Pero tamén hai outras limitacións socioeconómicas. E a maternidade é a que máis inflúe para que a muller abandone a carreira relacionada coa ciencia. En consecuencia, e aínda cando na universidade e en estudos de doutoramento de ciencias da saúde as mulleres superan o 50 %, estas cifras diminúen invariablemente segundo se progresa na carreira investigadora. Ademais, a muller recibe menos atención en revistas científicas e nos medios de difusión que os homes.

Texto adaptado de *Eroski Consumer*, 30/10/2019



PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORALES (MONÓLOGO)

O AVELLENTAMENTO DA SOCIEDADE

CONTEXTO: Segundo algúns estudos, en moi poucos anos, os maiores de 70 conformarán o grupo poboacional maioritario da nosa sociedade.

TAREFA: Fale deste tema, tendo en conta os seguintes parámetros:

- Posibles causas desta situación.
- Consecuencias que isto provocará na sociedade.
- Posibles solucións para deter esta tendencia.





COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ORALES (DIÁLOGO)

ENUNCIADO CANDIDATO A

CONTEXTO: Vostedes forman parte dunha asociación de veciños do centro histórico da cidade na que viven. Xa hai tempo que veñen detectando certa deterioración na zona e un importante desleixamento por parte das institucións locais.

TAREFA: Reúnense para adpotar posibles medidas de revitalización para a zona e, posteriormente, levalas ao Concello.

Entres elas, poderían figurar:

- Solicitar a peonalización das rúas principais da zona.
- Incentivar o pequeno comercio para que abran novas tendas en distintos sectores.



ENUNCIADO CANDIDATO B

CONTEXTO: Vostedes forman parte dunha asociación de veciños do centro histórico da cidade na que viven. Xa hai tempo que veñen detectando certa deterioración na zona e un importante desleixamento por parte das institucións locais.

TAREFA: Reúnense para adpotar posibles medidas de revitalización para a zona e, posteriormente, levalas ao Concello.

Entres elas, poderían figurar:

- Solicitar unha política de transporte público alternativo, como o carril bici, corredores peonís..., que conecte esta zona coa área metropolitana.
- Pedir un orzamento para restaurar e pintar as fachadas.

